

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 15 DE MAIO

DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día quince de maio de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona Isabel M^a Fuentes Torices, técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, por delegación da interventora municipal, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Aprobación, se procede, dos proxectos a incluír no Plan “DTC 93. Unha deputación para todos os concellos”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos do día 16 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 13 de maio de 2014.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que segundo entende o seu grupo hoxe veñen a votar uns proxectos para poder optar a unhas axudas da Deputación e, como dixeron o martes, todo proxecto necesita un informe técnico e un informe xurídico para ser aprobado con base na legalidade. Na documentación que se lles pasou, a día de hoxe non atopan o informe xurídico que avalíe a legalidade deste proxecto, en concreto que defina como e quen vai pagar ese proxecto. Pedíronllelo o martes, en comisións, e entende que non trouxeron ese informe xurídico que baixo o punto de vista de UxC falta.

Tamén ten que dicir que as bases reguladoras do Plan DCT 93 esixen como parte da documentación técnica o documento acreditativo de que o concello conta coas autorizacións necesarias, neste caso da Xunta e da Deputación.

No documento que lles pasaron o mesmo día da comisión, a Deputación, a modo de preautorización, di textualmente que procede á autorización das obras anteriormente relacionadas, solicitando previamente unha maior definición da nova glorieta.

Pregunta onde está o informe acreditativo por parte do concello que di que ese documento é suficiente para poder optar a ese plan, tampouco o teñen por parte do concello, polo menos a UxC non se lle deu.

A Xunta de Galicia no seu escrito, que tamén lles facilitaron o día da comisión, autoriza, ao igual que fai a Deputación, con condicións. A autorización outórgase coa reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, en especial a correspondente á Xefatura Provincial de Tráfico. Pregunta onde está esa autorización, porque tampouco a teñen visto na documentación que se lles pasou.

Non se autoriza a sobreelevación dos pasos de peóns, as illas reflectoras deberán aproximarse o máximo posible a unha lonxitude de 25 metros. Deberase xustificar adecuadamente a viabilidade da instalación dos muros de perpiaño para a protección dos báculos das glorietas, de forma que sexan compatibles coa seguridade viaria na estrada.

Todo isto que lles están dicindo, tanto a Deputación como a Xunta de Galicia, supón unha modificación do proxecto que o Goberno pretende que aproben agora sen eses informes, iso ademais cando lles din que teñen que modificar o proxecto para que llelo aproben. Pregunta se o teñen modificado. Di que non o teñen modificado tampouco, que polo menos a UxC non se lles ten pasado.

Dille ao Sr. alcalde que sinceramente non saben o que veñen a votar aquí, repítenlle a oferta que fixeron nas comisións, sinceramente, que suprima desta proposta as rotondas e que inclúa a renovación do firme dos camiños municipais do Balado ao Drozo e do Toural á Pena da Nosa Señora.

Conclúe dicindo que se non se fai así, UxC non pode votar a proposta, porque segundo ven non conta cos informes necesarios de legalidade. É o que eles cren que debe facerse e a oferta segue en pé para que a valore.

Toma a palabra o Sr. alcalde para facer unha nota aclaratoria. Di que o Sr. García Patiño o outro día nas comisións pediu un informe de Urbanismo, non un informe xurídico, dille que é simplemente unha nota aclaratoria, iso está recollido en acta e ademais el apuntouno no momento, informe de Urbanismo, non informe xurídico.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, sinala que, efectivamente, o 11 de abril solicitáronse os permisos á Xunta e Deputación para facer estas obras, xa que os terreos son de titularidade das dúas administracións.

Como dixo nas comisións, as autorizacións chegaron o martes, a mediodía, e facilitáronselles a todos os grupos. É certo que lles piden unhas aclaracións respecto determinadas cuestións das que onte faláron, non por escrito, pero si nunha visita que se fixo a Monelos, á Dirección Xeral de Infraestruturas da Xunta, para intentar aclarar

de palabra algunhas dúbidas que había. Esas dúbidas en principio parecen salvables, pero hai que facelo por escrito.

Di que está claro que dende antonte tampouco deu tempo a facer nada máis. Non lles deu tempo a mandalo e que chegue de volta. A outra vez tardaron practicamente un mes, ou sen practicamente, en mandar esas primeiras autorizacións onde solicitan esas aclaracións pero como xa dixó, en principio de palabra non vai haber ningún problema para que se faga.

Continúa dicindo que, en canto a se hai que facer algunha modificación, está claro que cando se fai un proxecto sempre se fan algunhas modificacións ao final, porque nunca o proxecto vai ser exactamente igual que a realidade das obras, sempre hai algunha modificación, sempre hai algunha cousa que aparece e que hai que modificar, para iso están as liquidacións, para esas cuestións e para melloralas.

Polo tanto, pensa que son os proxectos, agás algunha modificación que poida haber, algunha aclaración ou xustificación, porque basicamente o tema da Xunta referíase fundamentalmente aos pasos sobreelevados, xa que por normativa da Xunta non están de acordo en poñelos, por iso teñen que xustificar o perigo e que están dentro do núcleo central de Cambre, para resolver o tema, pero tampouco é que lles dixeran que non llelos vaian deixar facer. De palabra están falando.

Di que en dous días non deu marxe para máis, pero o día 19 eles teñen que entregar os proxectos para poder participar deste plan da Deputación, do DTC 93. Non hai marxe de tempo para facelos, pero cando se teñan eses informes non hai ningún problema, se lles facilitan a todos os grupos sen ningún problema, o que agora é necesario é facelo. El pensa que estas obras son polo interese xeral, para os veciños e veciñas de Cambre. Pola falta de tempo xa di que agora é imposible e os que queiran votar a prol que voten, os que queiran absterse que se absteñan, e os que queiran votar en contra, que voten. Se UxC non o quere facer, dilles que entón voten en contra e non se fai, quedaranse sen a subvención e que despois llelo expliquen aos veciños.

Conclúe dicindo que o Goberno está intentando resolver os problemas da mellor forma posible e o antes posible, pero en dous días non dá tempo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño dille ao Sr. alcalde que non se trata de votar ou non votar, de votar a prol ou en contra, el o que está dicindo é que baixo o seu punto de vista non poden votar algo, e volve repetir, baixo o seu punto de vista, algo que é ilegal traelo a este pleno para aprobalo, porque faltan os informes preceptivos.

Polo tanto, que lle diga o Sr. Marante que é de palabra, é a súa palabra e a palabra doutra persoa que el non sabe quen é. A eles o que lles vale é o que o Goberno trae aquí por escrito. Tiveron moito tempo para preparar estes proxectos, ou outros proxectos que son tan beneficiosos como estes para Cambre. Dilles que non lle falen a el do interese xeral, o interese xeral é que traballen con moito máis tempo de antelación e traian as cousas correctamente ao pleno, para poder ditaminalas. Esa é a responsabilidade do Goberno non é a súa.

Di que se queren pagar favores, porque non vai entrar en por que se fan nesa estrada, se eles queren pagar favores, políticos ou persoais, que el niso non vai entrar, entón o que lles pide é que o fagan co seu diñeiro, non co diñeiro dos veciños de Cambre.

Polo tanto, di que lles repite, se isto non o retiran UxC vaise ausentar do pleno, porque non poden nin votar, nin absterse, directamente non poden votar o que traen aquí. Dille ao Sr. alcalde que é a súa responsabilidade non querer facelo, pero sinceramente UxC non pode votar algo que están dicindo que baixo o seu punto de vista non ten os informes necesarios para poder facelo, nada máis.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que hai uns informes técnicos. Efectivamente pode ser que falte un informe xurídico, falta, pero será porque non o estimaron necesario nos servizos técnicos municipais. Iso supón el, porque el manda facer as obras, el non manda facer o que esas obras levan consigo. Loxicamente os técnicos son os que redactan o proxecto e os que din o que hai que achegar. Está o informe dos técnicos de Obras e Servizos, está o proxectista que tamén é de Obras e Servizos e está o de Urbanismo e, polo tanto, eles presentan a proposta tal e como está, amén de que poida haber que resolver algúns problemas.

Conclúe dicindo que se queren ausentarse poden facelo, ese é o seu problema. O equipo de goberno, dende logo, o que quere facer son esas obras para os veciños, non están pagando favores a ninguén. Di que dende logo el non está pagando favores a ninguén, e quen propuxo esas obras foi el, non lle está pagando favor ningún a ninguén, e os cartos cos que se fan esas obras son para o servizo dos veciños e cos cartos dos veciños. Pide que non divaguen en historias que non teñen sentido.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo, en primeiro lugar, quere amosar a súa desconformidade cos proxectos que se traen a aprobación. Cren que máis aló de diferenzas procesuais que pode haber en canto a informes, como ten manifestado o grupo de UxC, a realidade é que os proxectos que se traen hoxe a aprobación son proxectos que se intentan executar en viarios da Deputación e da Xunta de Galicia.

Eles cren que serían a Xunta de Galicia e a Deputación as administracións competentes obrigadas a levar a cabo este tipo de traballos, e non transferir fondos municipais, porque é o que se está facendo nesta situación, transferir fondos á Xunta e á Deputación, sobre todo á Xunta, para executar unhas obras que serían da súa responsabilidade.

Tampouco están de acordo coa prioridade que se manifesta en canto a que estes fondos se destinen a este tipo de actuacións. Entendendo que é necesario, o que non entenden é que existindo necesidades de investimento noutras zonas, en materia de seguridade viaria ou en materia de saneamento, necesidades que son competencias propias do concello, non obstante, se executen con estes fondos actuacións doutras administracións.

Di que están a falar de que hai un ano teñen unha memoria valorada para facer unha actuación de seguridade viaria entre Cela, Meixigo, San Lourenzo e A Rocha, e non

saben nada dela. Tamén teñen dúas parroquias nas que teñen a honra de dicir que non teñen nin un metro de saneamento, Andeiro e Sta. M^a de Vigo. Neste sentido non poden aceptar estes proxectos, nin na forma na que se traen, nin no contido, no fondo no que se trae.

Tampouco entenden por que no deseño en concreto da glorieta onde está o estanco, non se respectou o que está aprobado xa coa promotora en canto ao deseño desa glorieta e ás obras de urbanización que leva apareladas. Ese proxecto xa contaba coa autorización, entende que da Deputación e da Xunta, para a súa execución, e agora atópanse cunha obra que volve para atrás todas as aprobacións que tiñan en canto á execución desa actuación nese punto, na zona do estanco, polo tanto, parece unha volta atrás e é un tema que tiña que terse mirado.

Cren que debe ser respectado, que hai que falar coa promotora e que se respecte o proxecto tal e como estaba aprobado polas administracións no plan de urbanización que se aprobou no seu momento.

Conclúe dicindo que, nese sentido, non poden aprobar este proxecto tal e como se lles presenta.

Intervén don Óscar Alfonso García Patiño para dicirlle ao Sr. alcalde que entende que vai continuar co pleno con esta proposta, pregúntalle se é así, e di que, entón, o seu grupo vaise ausentar do pleno e, para que conste en acta, van pedir un informe de legalidade do que pretenden votar, do que van votar hoxe aquí, á Deputación e á Xunta de Galicia.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que van facer unha aclaración, se permite o voceiro de UxC e os seus compañeiros, antes de que se ausenten do pleno, porque parécelle que é interesante.

Di que para determinar se é legal ou non el cre que teñen unha asesora xurídica aquí no concello, que é a secretaria, el cre que é a persoa que lles debería informar, se é legal ou non, e se son preceptivos os informes xurídicos. O voceiro de UxC dixo que o outro día pedira os informes xurídicos, e el cre que o xefe da unidade xurídica de Urbanismo debería ser a persoa que fixera eses informes. Está de acordo niso co voceiro de UxC, e cre que a secretaria está aquí no pleno, entre outras cousas para iso, por iso el pide que lles informe respecto deste tema.

O Sr. alcalde concédelle a palabra á secretaria accidental da Corporación quen expón que, tendo en conta que este expediente foi entregado en Secretaría o día 13 de maio, hai dous días, o seu departamento non tivo ocasión de examinar integramente o contido do dito expediente. En todo caso, di que a inclusión deste punto na orde do día é unha competencia do Sr. alcalde e del depende sometelo a votación ou non.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que cre que foi bastante aclaratoria a información da secretaria, dixo que non tiveron tempo de mirar se era factible facer o informe ou non, e a el parécelle que teñen que tratar un tema que non lles corresponde agora se non existen os informes. O Sr. alcalde debe decidir se debe continuar o pleno ou non.

Continúa dicindo que cre que realmente chegaron a este extremo pola falta de comunicación que houbo entre o Goberno e a oposición, porque se houbera unha mínima comunicación e pide que lle crea de verdade, porque el considera que estes proxectos son necesarios, non sabe se son máis ou menos urxentes, pero considera que son necesarios, como dixo se houbera unha mínima comunicación, seguramente terían chegado a acordos, ou para estes ou para outros proxectos.

Como dicía o compañeiro do grupo socialista aquí se teñen presentado multitude de iniciativas, non vai enumeralas, nas distintas parroquias, para incluír no DTC da Deputación. Di que a eles non se lles consultou para nada, o Goberno chega ao pleno e di aí teñen iso. Tiveron tempo máis que suficiente para consensuar estes temas.

Dille ao Sr. alcalde que o exemplo o teñen moi claro e moi preto. O outro día no Concello de Sada, que non se distingue precisamente pola boa relación entre a oposición e o Goberno, foron capaces de chegar a acordos e aprobar o DTC, e iso mesmo podería ter ocorrido en Cambre. Dillo e repítello con toda sinceridade, que non habería ningún problema, porque son conscientes da necesidade que hai de executar eses proxectos e outros máis, o que pasa é que el interpreta que este é un desprezo, un día máis, á oposición. Reitera o seu reproche nese sentido.

Por outra banda, efectivamente, van actuar nunhas estradas que non son competencia do concello, son competencia da Xunta de Galicia e da Deputación, van investir un diñeiro que ben poderían investir noutras moitísimas cousas que son necesarias, que se teñen tratado aquí, ou polo menos telo falalo, e así os veciños de Cambre pois teñen que pagar os seus arranxos co diñeiro dos contribuíntes e non coa subvención que lles dá a Deputación.

Por outra parte, e xa llo dixo ao Sr. alcalde na comisión, hai un aval presentado por esta promotora, de 105000 euros, e el preguntoulle o outro día por que non se executou ese aval, ou polo menos por que non apercibiron á promotora. Cre que o que procedía aquí era chegar e dicir, non, é que nos requirimos á empresa e a empresa dixo que polos motivos que sexa non vai executar o proxecto que estaba aprobado e que comprendía a urbanización, aparcadoiro da estrada AC-214 e estrada de Cambre a Carral.

Conclúe dicindo que veñen bastante coxos, pero dende logo o que el lle di ao Sr. alcalde é que aquí, e insiste, o problema fundamental é a falta de comunicación, nada máis.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que, efectivamente, a rotonda estaba previsto que a executase esa promotora e, aínda que a faga o concello, o diñeiro á promotora váiselle cobrar exactamente igual, e o diñeiro que estaba previsto para iso irá para outras cousas. O diñeiro é o mesmo, porque se lle vai comunicar a cantidade de diñeiro que custa a rotonda, despois eles ese diñeiro teñen que ingresarllo ao concello e poderase gastar noutras historias.

En canto á comunicación, el cre que este tema quedou sobre a mesa nas comisións do pleno ordinario de hai tres semanas, precisamente a proposta de UxC porque

faltaba documentación. A documentación estaba pedida e chegou como chegou, isto acaba o luns, e a oposición mesma foi a que pediu que quedara sobre a mesa, e eles estiveron de acordo, para que fixeran achegas os grupos da oposición.

Dille ao Sr. Taibo que si, que foi así, e senón poden mirar as actas se é que o recolleron. Quedou sobre a mesa para que os grupos da oposición tamén fixeran achegas. Estiveron tres semanas e a el ninguén o chamou para facer ningunha achega, ninguén o chamou. É verdade que, cando saíron, o voceiro do Partido Socialista si lle falou dun tema que ao mellor se podía incluír, estiveron véndoo e non se incluíu porque era meter un par de sumidoiros e xa están metidas nas pluviais, por iso non se modificou aquí. Pero é o único que fixo unha achega e dilles que non digan que non tiveron tempo en tres semanas para facer as achegas que estimaran oportunas, e non vir agora, a última hora, cando están co tempo collidos de mans e pés, porque el non ten culpa de que chegaran os informes despois dun mes de telos pedido.

Di que as cousas van un pouco atropeladas, pero respecto das obras que se propoñen, el cre que aquí falárono cantidade de veces do tema da seguridade viaria no núcleo de Cambre, dos pasos de peóns e de todas esas cousas, e o que trataron é de buscarlle unha solución.

Agora resulta que teñen que facelo outros, pero saben que por moitas xestións que se fan, fundamentalmente o alcalde, están pendentes de que lles fagan outras actuacións ao longo desa estrada e, polo que se ve, van dilatándose. El cre que o diñeiro é de todos os veciños e insiste en que non lle están facendo favor ningún a ninguén, nin vendendo favores, nin moito menos. O que están intentando é darlle solución aos problemas que teñen no centro de Cambre, fundamentalmente. E di que agora no Temple, no Paraugas, coas obras que se están facendo alí, pois teñen tamén un problema gordo, e o que están é tratando de buscar solucións e despois xa se irán facendo outras cousas.

Don Óscar Alfonso García Patiño maniféstalle ao Sr. alcalde que quixo ser respectuoso coa quenda de palabra que tiñan, pero di que os concelleiros de UxC vanse ausentar do pleno.

Cando son as vinte horas e vinte e catro minutos, os tres concelleiros do grupo municipal de UxC abandonan a sesión.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que dende que quedou isto enriba da mesa, no pleno no que se ía tratar este tema, cre que houbo tempo máis que suficiente para que o Goberno convocara aos grupos, porque el cre que é obriga do Goberno convocar aos grupos.

Eles, como dixo antes, xa presentaron multitude de iniciativas que ben poderían servir de referencia para presentar algúns proxectos, porque di que mira que non teñen presentado iniciativas, polo menos o grupo de EU, e os demais tamén, dende a oposición, e o Goberno tivo tempo suficiente para avisar á oposición, porque o tema fundamental de que quedara enriba da mesa foi o dos informes, ese foi o tema fundamental.

Como dixo houbo tempo máis que suficiente para convocalos e xuntalos, como se lles convoca para outras cousas, pero para esta se cabe con máis prêsa e máis urxencia, porque poderían telo consensuado sen ningún problema. Cre que perderon unha oportunidade de ouro para consensuar estes temas.

Conclúe dicindo que, dende logo, o seu grupo o que non vai facer é apoiar estas obras, polos motivos que dixeron, sobre todo porque se vai actuar en dúas estradas que non son competencia municipal, que deberían ser outras administracións as que fixeran os traballos, e tamén porque non se lles clarificou por que non se executou un aval bancario que hai, ou polo menos dicirlle á empresa se estaba disposta a facelo, porque ao mellor a empresa estaba disposta a facelo. Pregunta se lle consultaron á empresa.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que a consulta fíxose, porque sabían que a empresa tiña que facer ese tema, e ao facer esta proposta, antes de empezar a facer o proxecto, consultaron cos servizos xurídicos municipais se era viable facer a actuación ou non e en que condicións. Di que se lles contestou por parte do técnico xurídico que non había ningún problema en facer a obra, que había que comunicarllo á empresa, que a conta do aval que teñen depositado, ou a conta do convenio que teñen asinado, que se ía facer esa actuación. Iso era o único que había que facer, comunicarllo á empresa, e iso é o que el agarda que estea feito, ou haberá que facelo estes días, pero iso é o que se lle contestou a el mesmo e máis á concelleira de Urbanismo na oficina do técnico.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el tamén falou co técnico de Urbanismo e o que lle dixo é que se vai facer unha execución subsidiaria, pero que o Concello e o Goberno deberían antes dicirlle á empresa que executara. Di que iso foi o que lle dixo a el o técnico de Urbanismo, porque el tamén falou con el, e pregúntalle ao Sr. Marante se é que lles di cousas distintas.

Don Manuel Marante Gómez contesta que pois pode ser.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el o que lle dixo foi iso.

Don Manuel Marante Gómez expón que el estalle a dicir o que lles contestou, non sabe con que técnico falou o Sr. Taibo, pero el falou con Emilio.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que el tamén, porque que el saiba é o xefe da unidade xurídica de Urbanismo, tamén el falou con el, e o que lle dixo foi que, polo menos, o que se debería facer é falar coa empresa e, en función do que dixera a empresa, despois se actuaría dende o Goberno e con responsabilidade dende a oposición.

Toma a palabra o Sr. alcalde e pregúntalle ao Sr. Taibo que quere que lle diga. Di que o propio voceiro de EU trouxo a estes plenos, non lembra a data porque tería que traer as actas, pero el mesmo trouxo a este pleno unha proposta precisamente para a modificación da primeira rotonda que teñen, a que está en fronte da lotería. O mesmo Sr. Taibo trouxo esa proposta aquí, e discutírona, e pregúntalle se esa rotonda está

nunha estrada municipal ou está na da Xunta. O voceiro trouxo esa proposta e acusou ao Goberno municipal de que tiña que modificar esa rotonda por seguridade viaria, el mesmo, o grupo de EU, fixo a proposta, porque non dan a volta os autobuses e teñen que dar marcha atrás, e é algo que ven todos os días. Pregúntalle en que estrada está esa rotonda, municipal, Deputación ou Xunta.

Di que agora se lles acusa de facer obras na estrada da Xunta ou da Deputación, pero el cando fai esas obras, porque esas administracións dinlle que ese tipo de obras non as queren facer no centro urbano de Cambre, el saca contraprestación a cambio, á Xunta o tramo da Xira, e á Deputación o tramo nos Campóns, máis a rotonda en Brexo-Lema, en Casa Boga.

Reitera que el pide contraprestacións, pero cre que é necesario, por seguridade viaria, modificar esa rotonda e non ten sentido tampouco que os coches que se dirixen á rúa Miguel González Garcés, cando non poden xirar porque lles veñen coches de fronte, fagan unha cola en Cambre, por iso se fai a outra rotonda máis arriba. El xa dixo e explicou nas comisións, que a rotonda faise primeiro colocando os “New-Yersey” e vendo como se move esa rotonda. Se a oposición cre que faltan máis informes, que queren que lles diga, a Deputación dálles 219.110,04 euros, el ten que presentar os proxectos o día 19, e se non os pode presentar, pois non o fará.

Di que o Sr. Taibo fálalle de que non hai comunicación, ben, el ten que dicirle que isto trouxérono a pleno, a oposición dixo que faltaban os informes, pediron deixalo enriba da mesa e así o fixeron. Aquí dende o Goberno dixeron que estaban dispostos a recibir as achegas de todos os grupos, e eles tiñan a posibilidade de facelas. Di que el non leva o proxecto que o leva o concelleiro de Obras e Servizos, pero a realidade é esa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el cre que aquí ninguén discutiu que non se debían facer esas obras, xa o dixo nas comisións, díxoo antes e volve repetilo agora, pois claro que si é interesante facelas, por iso efectivamente EU o trouxo ao pleno, claro que si.

Pregúntalle ao Sr. alcalde se el lle discutiu o plan complementario dos camiños, non, non dixo nada, parécelle perfecto. O que está discutindo é a actuación que se fai máis arriba. Pregúntalle quen lle discutiu o da rotonda de aquí abaixo, ben sabe que se vai actuar aí e non fan falta permisos nin de Patrimonio nin de nada, o que discute e a outra.

Di que claro que o trouxeron e cren na necesidade desta e máis das outras, iso non lle discute. Dixo o Sr. alcalde que o trouxo EU, pois claro que si, ben saben o que traen e máis o que din, pero pídelles que non lles queira colar a rotonda de arriba, que non llela queira colar polo medio como fan moitas veces. Di que non queren gastar diñeiro en competencias que non lles corresponden, porque xa teñen gastado bastante. É como o exemplo da roza das ribeiras do río Mero, vinte e dous quilómetros que rozou o Concello de Cambre cando lle corresponden á Xunta. Están gastando diñeiro do concello.

Por exemplo, hai pouco fíxose un proxecto para a seguridade viaria en Pravio, agora resulta que fai a Xunta outro proxecto. Pregúntalle ao Sr. alcalde se tiran co que fixo o Concello de Cambre, haberá que facelo porque agora a Xunta di que vai facer outro proxecto. Sinala que aquí non están para tirar diñeiro, están para gastalo pero non para tiralo, están para administralo.

Continúa dicíndolle ao Sr. alcalde que el non discutiu da rotonda fronte á lotería, para nada, e incluso coincide con el en que tamén é necesario facer a de arriba, pois claro que si, a xente que vai para González Garcés terá que ter unha rotonda para xirar, iso non llo discute, o que non se pode é fumarse así o diñeiro dos contribuíntes e empregalo en obras que lle corresponden a outras administracións, e iso, nada máis, e non máis historias.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro de EU que el ten moi claro cales son as estradas competencia do concello e cales son as estradas propiedade da Xunta e propiedade da Deputación. Aquí están falando de dúas administracións que tocan esas dúas estradas, e se o Sr. Taibo está de acordo coa rotonda de abaixo, tamén estará de acordo en que a rotonda de arriba fai falta se poñen liña continua e non poden torcer para ir a González Garcés, o Sr. Taibo estará de acordo niso con el.

A rotonda vai situada nas dúas estradas, colle estrada da Deputación e estrada da Xunta. Se a Deputación está disposta a poñer os cartos, porque a Xunta di que non, pregúntalle a quen están prexudicando, pide que llo diga, porque aos veciños de Cambre, non. Pregunta a quen prexudican.

Segue dicindo que se el colle eses cartos e presenta un proxecto para facer, como dicía o voceiro socialista, que ten razón, un anaco da rede de sumidoiros en Sta. M^a de Vigo, que fai moita falta, ou en Andeiro, que tamén fai moita falta, entón dese xeito quedan sen a rotonda de arriba. Pregunta entón que fan, se seguen utilizando aquel cruzamento como está, pregunta que pasa coa seguridade viaria aí, se non lles afecta, e cando os coches non poidan torcer pregunta onde van dar a volta.

Di que a idea da rotonda é precisamente porque o tráfico que se interrompe en Cambre é moito dos coches que xiran cara a González Garcés, porque pola parte de atrás non poden entrar, ou a maioría non entran, entran por aí. El de verdade non sabe que están discutindo, el está dicindo que é unha rotonda que vai tanto na estrada da Xunta como na da Deputación, porque vai metade e metade, quizais incluso máis na da Deputación, e a que pon os cartos é a Deputación.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que a rotonda que está fronte á lotería tamén está na mesma situación, é estrada da Deputación e estrada da Xunta. Esa rotonda, cre lembrar e pensa que non se equivoca, esa rotonda fíxo a concello hai uns anos, e tamén estaba na estrada da Deputación e da Xunta.

Pregunta que pasa, que se antes podía o concello e agora non pode. Di que do que se trata é de que se fixo esa rotonda e polo que sexa non funciona ben e hai que reformala, hai que adaptala para que funcione. El non cre que cando se fixo ninguén se puxera aquí a discutir do problema, o que había era que dar un servizo aos veciños e así se fixo. Tal e como está hai que reformala porque, efectivamente, hai un

problema para que xiren os camiões, os tráilers e os autobuses, e está na mesma circunstancia que a outra.

Cre que se trata de arranxar unha cousa e que é moi importante facer as dúas, amén de que efectivamente hai moitas máis necesidades por aí, que iso sábeno todos, pero todo a un tempo ninguén o fixo. Eles entenden que a prioridade agora mesmo é desconxestionar o núcleo de Cambre, motivado precisamente nos problemas que teñen tanto nesa rotonda como coa xente que vén da parte de Cela e de Lema, porque ás horas punta chega a cola á Patiña.

Conclúe dicindo que cre que é un tema importante, agora se para a oposición non o é, entón que cada un aguante a súa vela. Aquí teñen atropelos, fálase diso, están intentando conseguir poñer uns pasos sobreelevados, que polo que están vendo a Xunta non os ía facer, pois xa din que eles nas súas estradas que non os fan, e pola contra ao concello se lle dixo que fixeran unha xustificación e que é moi posible que non haxa problema en facelos. El cre que os necesitan, que os necesitan de verdade, porque hai auténticos problemas de seguridade viaria para os peóns nos existentes. Así pois, alá cada quen e a súa responsabilidade, el dende logo aposta por facer este proxecto.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el comparte en parte algunhas conclusións de compañeiros aquí presentes. É verdade que sería estupendo que Xunta ou Deputación acometeran as obras directamente, pero iso saben que non é viable, e tamén saben que teñen un proxecto que é prioritario para Cambre, para os seus veciños, saben que os que circulan por aí e os que andan de paseo son veciños de Cambre, e que ademais teñen unha subvención importante que vai aboar a Deputación, polo tanto, el cre que hai que darlle prioridade á seguridade viaria, polo que o seu voto vai ser favorable.

O Sr. alcalde manifesta que se non hai máis intervencións van votar a proposta.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o seu grupo quere deixar claro a súa posición respecto deste tema. Eles van votar en contra, pero polo que argumentaron, non porque estean en contra das actuacións, que quede claro, porque aquí parece que están en contra delas, pero xa deixaron claro ao principio que consideran que son importantes, iso que quede claro, pero é coa maneira de proceder do Goberno coa que non están de acordo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Votan en contra os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros de UxC, estes últimos en virtude do previsto no artigo 118 do ROM que establece que *“Para os efectos da votación correspondente, considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación”*.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Participar no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada cun máximo de 219.149,07 €, a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Mellora da seguridade vial nas estradas AC-214, DP-1702 e DP-1704 no núcleo de Cambre e na estrada DP-1706 no Temple	219.110,04 €	0 €	219.110,04 €
TOTAL	219.110,04 €	0 €	219.110,04 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

Segundo: Aprobar o Plan Complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións das obras ou subministracións:

Denominación	Presuposto
Renovación do firme dos camiños municipais de Balado ao Drozo, e do Toural a A Pena de Nosa Señora	78.766,17 euros
TOTAIS	78.766,17 euros

Terceiro: Declarar que o concello non conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra, pero está a tramitalos:

1. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 11 de abril de 2014 con rexistro de saída 0/2537 e rexistro de entrada por portelo único 537.
2. Deputación Provincial da Coruña, de data 11 de abril de 2014 con rexistro de saída 0/2539 e rexistro de entrada da mesma data.

Cuarto: Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto: Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e corenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López